



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA O CENTRO GALEGO DE INNOVACIÓN DA FORMACIÓN PROFESIONAL.

O pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa reunión do día 21 de xuño de 2021, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se crea o Centro Galego de Innovación da Formación Profesional.

- Para o preámbulo na páxina 2 recomenda que se profundice na oportunidade de desenvolvemento industrial e económico que supón a loita contra o cambio climático. Máis en concreto a industria enerxética, en especial a relacionada coas enerxías renovables e a xeración e a distribución eficientes, son un dos sectores estratéxicos sobre os que pivota a transición empresarial da política ambiental europea nos próximos anos.
- Para o artigo 2 propón adición de texto no apartado g, quedando como segue: “g) Recoller as demandas de innovación do tecido empresarial que poidan ser desenvolvidas nos centros educativos galegos de formación profesional, mellorando a oferta educativa nas distintas comarcas do país”.
- Para o artigo 3.1 recomenda unha maior concreción no deseño do plan Plurianual. Ben sexa trienal, cuatrienal ou quinquenal.
- Para o artigo 5.1 propón a supresión do apartado “e) Tres vogais en representación da Deputación Provincial de Ourense”.
- Para o artigo 5.1 propón engadir un apartado co seguinte texto: “f) Seis vogais en representación dos axentes económicos e sociais, por proposta dos propios Axentes Sociais, que serán nomeados/as polo Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade. O nomeamento será por catro anos e poderán ser reelixidos/as para o cargo”.
- Para o artigo 5.1 propón engadir un apartado co seguinte texto: “g) 3 representantes do persoal asesor do Centro, que serán elixidos entre o total das persoas que ocupen as asesorías por un prazo de catro anos.
- Para o artigo 5.2 propón engadir dous apartados co seguinte texto:
 - “i) Informar da proposta de nomeamento da dirección do centro.”
 - “j) Favorecer a proxección do Centro entre espazos e institucións nacionais e internacionais.”
- Para o artigo 6 propón a substitución do texto dos apartados 2 e 3 polo seguinte: “A dirección será provista polo procedemento de concurso de méritos entre o persoal funcionario de carreira pertencente a algún dos corpos docentes que imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, preferentemente con competencia nas materias que se imparten na Formación Profesional, con destino na Comunidade Autónoma de Galicia”.
- Para o artigo 6.4 propón a supresión do apartado “e) Aprobar os orzamentos e a conta de xestión dentro da asignación orzamentaria que lle sexa atribuída pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade”.






- Para o artigo 10.1 recomenda que se inclúa no propio Decreto de Creación do Centro de Innovación cales serían as áreas de coñecemento.
- Para o artigo 10.3 propón a substitución do texto polo seguinte: "Cada área contará cun xefe ou unha xefa de área, que será nomeado ou nomeada por un período de dous anos polo director ou a directora do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional, oídos os membros da área, de entre as persoas asesoras docentes que a constitúan".
- Recomenda que se contemplen as asesorías básicas que van a crearse, deixando aberto a creación doutras.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2021

O secretario


José María López Carretero



Visto e prace

O vicepresidente


Fernando del Pozo Andrés